

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 24 Outono 2024
Revista dixital



Ilustre Colexio da Avogacía
de Santiago de Compostela

«Temos un
modelo
procesual moi
anquilosado
que debería
cambiar»



Antonio Roma
Fiscal xefe da Área
de Compostela

Goretti Sanmartín
Alcaldesa do Concello de
Santiago



«Compostela
precisa
de novos
xulgados,
é unha
reivindicación
xusta»

Avogacía de Santiago nas delegacións dos partidos xudiciais



Xosé Antón Barreiro Pereira
Partido Xudicial Padrón



María Carmen Souto Fraga
Partido Xudicial Ordes



Leonor Ramos Turnes
Partido Xudicial Negreira



Fernando Insua Beade
Partido Xudicial Arzúa



ACA PLUS

Pásate a ACA Plus.

A firma electrónica da avogacía ofréceche agora máis





Avogacía Compostelá

Dirección

Xunta de goberno



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Contidos

Pablo G. Quintas
(Lupa Comunicación)



Maquetación

José S. Vilariño Vázquez



1844 - 2023

Sumario

Editorial	4
NOVAS DA AVOGACÍA	
ACA Plus, a nova sinatura dixital da avogacía	5
Francisco Rabuñal toma posesión como presidente do Consello da Avogacía Galega	6
O traballo da Avogacía de Santiago nas delegacións dos partidos xudiciais .	8
ENTREVISTAS	
Goretti Sanmartín, alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela: "A veciñanza ten que ser o centro das nosas políticas municipais". "Compostela precisa de novos xulgados, é unha reivindicación xusta"	10
Antonio Roma, fiscal xefe da Área de Santiago de Compostela: "En España temos xuíces e fiscais moi profesionais, pero un modelo procesual anquilosado"	14
ACTUALIDADE	
Reivindicación continua de melloras para os avogados e avogadas do servizo de xustiza gratuíta	18
VIDA COLEXIAL	
Emotivo recoñecemento da Avogacía de Santiago á traxectoria de Enrique León Calviño e o traballo de Feafes.....	20
A Escola de Práctica Xurídica de Santiago despediu os 45 alumnos e alumnas do Máster en Avogacía	22
Un ano de formación continua para os colexiados e colexiadas.....	23
Programa de xestión colexial e da quenda de oficio en liña: ColaboWEB.....	26
Xunta Xeral do Colexio da Avogacía de Santiago	26
AO PÉ DA LETRA	
'Confesión', de Daniel Ferreirós López	27
REDES SOCIAIS E MEDIOS	
O Colexio nas redes.....	30
O Colexio nos medios	31

Co patrocinio de:



**XUNTA
DE GALICIA**

Depósito legal: C-3778-2007
Deseño: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



**Francisco
Rabuñal Mosquera**

Decano do Ilustre Colexio da Avogacía
de Santiago de Compostela

Estimadas compañeiras, / Estimados compañeros,

Este novo número ofrécenos unha entrevista coa nosa alcaldesa, Goretti Sanmartín, quen nos mostra a súa visión do futuro da nosa cidade á vez que nos comenta as súas carencias, entre as que se atopa unha, a de novas unidades xudiciais, que especialmente compartimos e, na que sempre tivemos o apoio do noso Concello e en concreto da nosa actual alcaldesa, grazas. Tamén contamos cunha entrevista ao novo fiscal xefe da Área de Santiago de Compostela, Antonio Roma, a quen felicitamos, sempre disposto a colaborar co noso Colexio e coa Escola de Práctica Xurídica, participa dunha visión avogacía-fiscalía presidida pola colaboración e a cordialidade.

Os compañeiros e compañeiras á fronte das delegacións do Colexio nos partidos xudiciais comparten connosco as súas inquedanzas, que sen dúbida tamén son as de todos e todas nós.

Creo firmemente na unidade da avogacía para conseguir aqueles propósitos necesarios para exercer a profesión con plena independencia e dignidade e, tamén, creo nas institucións para unificar os esforzos das persoas que as integran. Iso é o que no seu día me levou a postularme como decano deste colexio e, agora, a aceptar a proposta dos meus compañeiros decanos galegos para presidir o Consello da Avogacía Galega. O Consello ten a fundamental misión de unificar os criterios da avogacía galega e de ser a punta de lanza de todas as reivindicacións.

Hai dous temas que veñen preocupando especialmente ao noso colectivo neste último ano, a xustiza gratuíta e a xubilación. A xustiza gratuíta, como ocorre coa xustiza en xeral, sempre foi deficiente, por máis que sufrise considerables melloras coa transferencia da súa xestión á Comunidade Autónoma; melloras que son facilmente palpables se efectuamos unha breve comparación con aqueles territorios que dependen do Ministerio ou doutras comunidades autónomas. De todos os xeitos, esas melloras non son suficientes e as levadas a cabo ano tras ano incorpóranse lentamente, sempre por culpa do límite orzamentario e dunha obsoleta Lei de xustiza gratuíta. Desde o Consello da Avogacía Galega mantense, desde hai moitos anos, unha continua demanda ante a Xunta de Galicia para mellorar e dignificar o servizo, empezando pola dignificación das indemnizacións a todas as avogadas e avogados que prestan o servizo. Este diálogo continuo intensificouse neste último ano, o que deu lugar á sinatura dunha serie de convenios que tentan mellorar as condicións nas que os compañeiros prestan o servizo, como vos expoñemos nas páxinas desta revista, pero, seguiremos demandando un trato digno.

O dereito a unha xubilación digna é un dereito constitucional e, por tanto, un dereito de todas e todos os compañeiros. Desde aquí quero deixar claro que a Xunta de Goberno deste colexio non só nunca se opuxo, senón que sempre estivo a favor da creación dunha “pasarela” para aqueles mutualistas que desexen integrarse na Seguridade Social, algo que só depende da Administración central e do Parlamento español, por iso os esforzos para conseguilo foron canalizados, por todos os colexios, a través do Consejo General de la Abogacía Española. Ao tempo que tampouco podemos consentir que iso prexudique ao resto dos mutualistas, as institucións da avogacía han de defender por igual a todos os que as integran.

Ademais da xustiza gratuíta e da xubilación, preocúpanos a falta de eficiencia das unidades xudiciais, en moitos casos pola deficiente forma en cubrir as baixas dos funcionarios, o que levou a que estea en fase de aprobación unha nova regulación na que se prime a formación do persoal e a súa cualificación. Tamén queremos contar co expediente electrónico en todas as unidades xudiciais para o primeiro trimestre do ano 2025, con novas unidades xudiciais, reforzos nas unidades psicosociais do Imelga, ou cun sistema unificado de comunicación das baixas dos compañeiros a todos os órganos xudiciais.

Son moitas as cousas que nos quedan por facer e só as podemos conseguir con unidade, unha unidade que respecte a diversidade de opinión, que evite a confrontación e que achegue ideas construtivas para a consecución dos obxectivos que nos propoñemos. O día 20 de decembro temos eleccións para renovar cinco dos nove membros da Xunta de Goberno e animovos a participar, a exercer o voso dereito de voto.

Tampouco podo evitar congratularme pola aprobación da Lei orgánica do dereito de defensa, unha lei ansiadamente agardada como instrumento básico ao servizo da avogacía para a defensa dos dereitos da cidadanía e que tamén nos permitirá, novamente, coñecer o importe das custas xudiciais mediante a publicación de criterios orientadores polos colexios da avogacía.


Chegado xa o final do ano, en nome de toda a Xunta de Goberno e do persoal do Colexio, deséxovos unhas felices festas e un bo ano 2025.

Francisco Rabuñal Mosquera

ACA Plus, a nova sinatura dixital da avogacía

Os letrados e letradas poderán utilizala de dúas formas para asinar documentos e enviar e recibir notificacións oficiais

En só uns meses renovaranse os máis de 120.000 certificados que están en vigor




Avogacía estreou o luns 11 de novembro unha versión renovada da súa sinatura dixital: ACA Plus, en substitución da anterior autoridade de certificación da avogacía (ACA).

Os letrados e letradas contarán agora con dúas opcións de sinatura electrónica: a cualificada, cunha nova tarxeta criptográfica con chip, tal e como se utiliza na actualidade; e a avanzada, a través dun certificado en software que se poderá descargar desde a web de www.abogacia.es e instalar en calquera navegador.

Os profesionais da avogacía levan desde 2003 identificándose como avogado ou avogada na internet co seu carné ACA, o que lles permite facer trámites coas administracións públicas (Lexnet, Axencia Tributaria, Seguridade Social...), utilizar servizos en liña exclusivos para profesionais da avogacía ou dixitalizar o despacho (sinatura de documentos, facturas, correos electrónicos, etc). Agora, ACA convértese en ACA Plus e incorpora unha nova tecnoloxía de sinatura evolucionando ao ritmo que a profesión necesita para adaptarse a unha nova realidade.

Os colexiados poderán polo de agora descargar as dúas e utilizalas indistintamente. A decisión adoptouse no pleno do Consejo General de la Abogacía. A nova versión permitiralle ao profesional da avogacía seguir realizando, igual que ata o de agora, xestións en liña a través da acreditación da súa identidade colexial, como os pases a prisión, consultar a facturación na quenda de oficio ou presentar escritos nos xulgados, entre outras.

Con ACA Plus renovaranse máis de 120.000 certificados para incorporar unha nova tecnoloxía de sinatura adaptada ao ritmo que a profesión necesita nesta realidade máis dixital. O proxecto



de renovación da autoridade de certificación da avogacía comezou en 2022 coa elección da empresa SIA, filial do grupo Indra, para levalo a cabo. Agora, comeza o seu lanzamento tras pasar por unha fase de desenvolvemento, a proba piloto cun grupo de avogados para asegurar a eficacia do seu uso, e a súa presentación ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e relacións coas Cortes para a aprobación da emisión dos certificados.

Renovación

A renovación poderá facerse de forma autónoma por cada un dos colexiados a través dos diferentes tutoriais postos á súa disposición na web www.abogacia.es e, se o precisa, o titular do certificado poderá requirir axuda técnica. Os colexios da avogacía poñeranse en contacto con todos os titulares de ACA para facilitarlles unha cita no caso de que atopasen algunha dificultade para facelo.

As vantaxes serán significativas nos accesos aos servizos de RedAbogacía, para facer trámites coa Administración pública e para a sinatura de documentos e comunicacións.

Francisco Rabuñal toma posesión como presidente do Consello da Avogacía Galega

“Loitaremos por máis unidades xudiciais, por unha mellora das condicións da quenda de oficio e por unhas pensións xustas para a profesión”, asegura



Francisco Rabuñal, decano do Colexio da Avogacía de Santiago, tomou posesión no mes de outubro como presidente do Consello da Avogacía Galega co compromiso “de traballar en representación do conxunto da avogacía por unha tutela xudicial efectiva para toda a sociedade”. Sucedeu no cargo a Augusto Pérez-Cepeda.

O acto tivo lugar no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela e contou coa presenza de numerosas autoridades e representantes institucionais, entre elas Federico Fernández Rodríguez, adxunto á presidencia

do Consejo General de la Abogacía Española; membros da Comisión de Xustiza do Parlamento de Galicia; María Belén do Campo Piñeiro, delegada territorial da Xunta de Galicia na Coruña, en representación do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda; Juan José Martín Álvarez, secretario de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; Ana María Gude, decana da Facultade de Dereito da USC, e María Concepción Losada, presidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego.

No seu discurso, Francisco Rabuñal sinalou que “un dos fins do Consello da Avogacía Galega é o de manter a uni-



dade de actuación na nosa profesión na defensa dos dereitos e liberdades da cidadanía, á vez que defendemos os das avogadas e avogados que a defenden. Non desistiremos no empeño de demandar todas as unidades xudiciais que sexan necesarias para unha tutela xudicial efectiva”.

Tamén reclamou “un incremento do orzamento para a xustiza gratuíta”, destacando que o Consello “mantén un diálogo permanente coa Xunta de Galicia co fin de mellorar as condicións económicas e de servizo”.

“A tutela xudicial efectiva ou a dignidade das persoas son dereitos recollidos na nosa Constitución, como tamén é o dereito a unha pensión digna. Neste sentido, o Consello da Avogacía Galega non desistirá no seu empeño de demandar que todos os Colexiados poidan gozar dunha pensión suficiente”, agregou.

Pleno do Consello

O Pleno do Consello da Avogacía Galega queda constituído, ademais, por Luis Torres Foirá, decano de Ferrol como vicepresidente; José Félix Mondelo Santos, decano de Lugo como secretario-tesoureiro; e como vogais por Augusto José Pérez-Cepeda Vila, decano do Colexio da Coruña; Pilar López-Guerrero Vázquez, decana de Ourense; Xema Rial Rodríguez, decana de Pontevedra e Lourdes Carballo Fidalgo, decana do Colexio da Avogacía de Vigo.

O novo presidente da avogacía galega incidiu “na necesaria unidade da profesión para mellorar as condicións dos avogados e avogadas da quenda de oficio, que fan un traballo imprescindible os 365 días do ano”.

“A tutela xudicial efectiva ou a dignidade das persoas son dereitos recollidos na nosa Constitución, como tamén é o dereito a unha pensión digna”



O traballo da Avogacía de Santiago nas delegacións dos partidos xudiciais

O Colexio da Avogacía de Santiago atende unha poboación de máis de 270.000 persoas, xa que desde a institución colexial xestiónanse os partidos xudiciais de Santiago de Compostela (Ames, Boqueixón, Santiago de Compostela, Teo e Vedra); Arzúa (Arzúa, Boimorto, Santiso, Toques, Touro, O Pino e Melide); Negreira (Negreira, A Baña, Brión e Santa Comba); Ordes (Ordes, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia, Trazo e Val do Dubra), e Padrón (Padrón, Dodro, Rois e Rianxo).

Á fronte das delegacións dos partidos xudiciais de Ordes, Padrón, Arzúa e Negreira están M^a Carmen Souto Martínez, Leonor Ramos Turnes, Fernando Insua Beade e Xosé Antón Barreiro Pereira. Son os responsables de coordinar o traballo, falar co colexio

As delegacións comparten a preocupación “pola lentitude da xustiza”

e atender os compañeiros e compañeiras, polo que realizan un labor fundamental.

Á marxe das cuestións máis particulares de cada delegación, falan dos problemas xerais da profesión entre as dificultades do día a día, como a lentitude da xustiza, a mobilidade do persoal dos xulgados ou a necesaria mellora das condicións laborais dos avogados e avogadas que forman parte da quenda de oficio.

Quenda de oficio

M^a Carmen Souto Martínez é a delegada do Partido Xudicial de Ordes desde o ano 2000. “As nosas demandas e preocupacións supoño que son as mesmas que nos demais partidos xudiciais. A día de hoxe preocupa moito a situación da quenda de oficio, un traballo que non está ben pagado, vaise mellorando algo pero son necesarias outras condicións”, expón.

En Ordes non teñen os problemas de aparcadoiro que hai nos arredores doutros xulgados, pero “como anécdota e aínda que a día de hoxe non é tan ne-



Fernando Insua Beade
Partido Xudicial Arzúa



Leonor Ramos Turnes
Partido Xudicial Negreira

cesaria pola dixitalización da xustiza, levamos moito tempo pedindo unha fotocopiadora ao colexio”.

En Padrón, é delegado desde o pasado mes de febreiro Xosé Antón Barreiro: “En Padrón necesitamos unha praza para aparcar próxima ao xulgado; en ocasións chegamos desde a Garda Civil de Rianxo e non hai sitio, e moito menos os domingos porque hai feira. É unha demanda que xa lle transmitimos en varias ocasións ao concello”.

A mobilidade dos xuíces dificulta o día a día dos avogados e avogadas

“Pedimos tamén, neste caso ao colexio e a xuíza decana, un despacho para atender os avogados e avogadas no xulgado”, engade Xosé Antón Barreiro, a quen lle gustaría por outra parte “que houbera unha mellor coordinación entre a garda civil, os xulgados e os avogados”.

Leonor Ramos explica pola súa parte que “a sala que temos para o colexio no xulgado de Negreira está ben, aínda que necesitaríamos unha renovación dos equipos informáticos”.

“Aquí temos os problemas dos atrasos na xustiza e a excesiva mobilidade de xuíces e funcionarios, un problema común pero que dificulta o traballo. Os xuíces van rotando e iso sempre complica as cousas”, engade, “algo que se nota moito por exemplo en penal ou nas execucións”.

Leonor Ramos coincide “na difícil situación da quen- da de oficio, con reivindicacións xustas que merecen unha reflexión por parte de todos, xa que falamos dun servizo primordial para a sociedade”.


Dixitalización

Fernando Insua leva “moitos anos, xa nin me lembro” como delegado do colexio no partido xudicial de Arzúa. “Agora temos que adaptarnos ao dixital e á esaxerada sucesión de normas que debemos cumprir”, afirma pensando nos cambios na profesión.


No xulgado de Arzúa “temos un despacho que tamén utilizan os procuradores” e comparte “a preocupación pola lentitude dos procedementos”. Tampouco lle convence “a unión de instancia e instrución nos xulgados”.

Os catro delegados e delegadas reflicten cando falan a súa preocupación “pola xustiza en xeral e por algúns aspectos da nosa profesión”, que desenvolven a diario con paixón e profesionalidade, coas que fan fronte en ocasións “aos menores recursos cos que contamos”.

A modernización da Administración de xustiza é unha reclamación histórica de todos os colectivos do sector, pero coinciden en sinalar que poñer en marcha un novo mapa que afecte os partidos xudiciais “debería vir do consenso e dunha análise seria para ser máis eficaces e non dificultar máis as cousas”.



María Carmen Souto Fraga
Partido Xudicial Ordes



Xosé Antón Barreiro Pereira
Partido Xudicial Padrón

Entrevista a **Goretti Sanmartín** *Alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela*

“A veciñanza ten que ser o centro das nosas políticas municipais”

“Compostela precisa de novos xulgados, é unha reivindicación xusta”

Filóloga, escritora e política, Goretti Sanmartín é profesora titular de Filoloxía Galega na universidade. Activista cultural, en defensa da lingua e no movemento feminista, conta tamén cunha dilatada experiencia política no nacionalismo. Converteuse en 2023 na primeira alcaldesa do Concello de Santiago. “Ás mulleres que abriron camiño e polas que virán”, dedicou no seu discurso de investidura o 17 de xuño.

Xa nese discurso, entre outros aspectos, vostede falou da necesidade de ter un turismo sustentable na cidade, un debate permanente en Compostela e un dos grandes temas desta primeira parte do mandato municipal pola ‘taxa turística’.

Santiago colocouse na vangarda tras situar no foco político o imposto por estadía. Presentamos por dúas veces propostas legislativas á Xunta, en agosto de 2023 e no verán de 2024 e, por fin,

logramos o si da Administración autonómica que entendeu o clamor social. Estou segura de que moitos concellos seguirán o camiño e a estela da nosa cidade. Compostela necesita un turismo sustentable, que sexa compatible coas necesidades da veciñanza.

Como pode concretarse esa aposta polo turismo sustentable?

Con medidas que nos sirvan para planificar o turismo como unha actividade que achegue valor



“Os concellos galegos estamos infrafinanciados. É un problema estrutural que nos afecta a todos”

ao conxunto do concello e que sexa, polo tanto, compatible e enriquecedor da vida da veciñanza. Nós guiámonos pola máxima de que se é bo para a veciñanza, é bo para as persoas que nos visitan. Sabemos que mudar o modelo que existe non se logra dun día para outro, non nos fixamos no número de visitantes, senón que queremos que quen veña goce da experiencia de estar entre nós, coñecer o noso modo de vida, goce dunha experiencia gastronómica ou dun concerto da Real Filharmonía, por poñer algúns exemplos.

A taxa turística está moi implantada noutros países.

Efectivamente, desde hai moito tempo, e o que está claro é que a veciñanza de Santiago de Compostela quere a denominada popularmente taxaturística. É evidente que isto é un clamor social. Pedimos un compromiso maior da Xunta, porque é un imposto de competencia autonómica e ten a capacidade para facer a recadación a través da Atriga, mais non é o modelo que aparentemente queren impulsar. Nós estamos comprometidas en todo caso coa súa implantación.

Baixo o lema ‘Compostela, orgullosa de si’, anunciou ao inicio do curso político os grandes retos para a cidade a curto e medio prazo.

Si, queremos que toda a veciñanza se sinta orgullosa do seu concello, do noso concello. E queremos unha Compostela boa de vivir, cun modelo urbanístico amigable coas persoas. Temos o obxectivo de seguir coidando o que temos, de melloralo no posible e de asentir o futuro en bases sólidas para garantir a sustentabilidade e a equidade social. Unha Compostela diversa e xusta.

Cales serían eses grandes retos?

Queremos afrontar, dentro das nosas capacidades e competencias, cuestións coma o acceso á



vivenda, facendo énfase na rehabilitación e en rematar as zonas residenciais incompletas. A mobilidade é outro dos grandes retos que temos neste mandato, xunto coa sustentabilidade, mantemento e mellora de equipamentos e o espazo público, renaturalización de espazos, materiais permeables e atender ás derivadas do cambio climático.

O segundo reto é continuar xerando oportunidades para o desenvolvemento económico. Neste sentido apostamos por converter Santiago de Compostela no nodo loxístico do Noroeste, coa construción da plataforma loxística de mercadorías. Neste sentido, deben completarse tamén infraestruturas coma a continuidade do Orbital ou a estación de mercadorías da Sionlla. Unha economía diversa.

E o terceiro?

Queremos que a veciñanza sexa o centro das políticas municipais. Continuarase traballando na cobertura e calidade dos servizos, na convivencia, nas actividades, a igualdade, a memoria, a diversidade, o patrimonio cultural e a mellora da Administración. Ademais, neste mandato reactivamos os consellos de participación cidadá en todas as áreas.

Unha formulación ambiciosa.

Si, pero debaixo de cada reto xa hai proxectos concretos que se están desenvolvendo e que se van desenvolver. Entre eles, a creación dunha empresa pública de vivenda, o concurso de ideas para o conector central da cidade (Campo de San Clemente-Virxe da Cerca-San Caetano) ou o proxecto integral de reforma do Estadio de San Lázaro, alén doutros obxectivos coma mudar o modelo de comedores escolares cunha cociña única. Para acadar os obxectivos, manteremos coma sempre o diálogo, incluídas as demais administracións.

Medra demasiado o turismo en relación con outras actividades produtivas?

Desde o concello temos que defender e loitar por unha diversificación económica como clave da sustentabilidade. É un obxectivo irrenunciable e urxente, que pasa por manter a cidade de servizos, acolledora de turistas e peregrinos e peregrinas, e sede institucional, mais aproveitar tamén o papel que lle concede a localización xeográfica central nos eixes de comunicación, o potencial innovador da Universidade e a capacidade produtiva da contorna.

Falemos da xustiza na cidade, na que hai unidade no que respecta á demanda de máis xulgados.

Santiago de Compostela é a capital administrativa de Galiza, cunha serie de especificidades que merecen e dotación de máis medios para a administración de xustiza. Hai unha petición da sociedade e do ámbito xudicial que nós apoiamos e reivindicamos, como é que poidamos ter un xulgado de violencia de xénero en Santiago, algo que levamos reclamando desde hai tempo e

queremos insistir unha vez máis nesta demanda histórica.

“Reivindicamos desde hai tempo un xulgado de violencia de xénero en Santiago”

Sería o primeiro paso.

Por suposto, e tamén, como veñen afirmando as avogadas e avogados, xunto a outros axentes xudiciais, Santiago necesita con urxencia un xulgado exclusivo de familia e un novo xulgado do contencioso-administrativo. Ademais destas novas salas, a cidade precisa de máis persoal nos xulgados xa existentes, máis substitutos e xuíces e xuízas de apoio. Son reivindicacións xustas que a Xunta e o Goberno central deben atender.

Outro tema que preocupa aos concellos e o financiamento local.

Os concellos galegos estamos infrafinanciados. É un problema estrutural que nos afecta a todos, desde os concellos máis pequenos aos máis grandes, tanto en superficie como en poboación, e mesmo aos que teñen características especiais, como o caso do concello que eu represento.

“Guiámonos pola máxima de que se é bo para a veciñanza, é bo para as persoas que nos visitan”

Santiago ten eivas históricas en materia de financiamento por causa da capitalidade, por iso nós pedimos aumentala, porque somos a capital máis infrafinanciada por este concepto de todo o Estado. Infelizmente, seguiremos en 2025 sen un compromiso económico forte por parte da Xunta de Galicia.

A situación é peor en Galicia?

Os concellos galegos recibimos case 50 euros menos por habitante de media fronte aos concellos do resto do Estado. Deben terse en conta criterios que nos singularizan territorialmente como son o noso modelo de asentamento poboacional, xa que contamos con máis de 30.000 entidades singulares de poboación, ou as características da nosa poboación, xa que segundo o IGE, Galiza sitúase como a segunda comunidade con maior taxa de avellentamento, o que supón que xa temos o dobre de poboación maior de 64 anos que menor de 16.

Teñen solución as competencias impropias que asumen os concellos?

Debe ser prioritario atopalas. A día de hoxe, temos que atender o mantemento de centros de ensino, prestar servizos como o de Axuda no Fogar, asumir os incrementos nos custos da iluminación pública, contar cun transporte colectivo eficiente, ou atender os novos requirimentos na xestión da auga e dos residuos, que conta neste caso cun modelo moi custoso pola aposta de Sogama pola incineración. Os concellos temos moitas cargas e escasos recursos nas arcas municipais.

É necesaria unha colaboración entre todas as administracións.

R: Por suposto. Debemos camiñar todas no mesmo sentido para afrontar os retos e sentar as bases para mudar o escenario, porque o diagnóstico das necesidades é claro, polo que a veciñanza agarda que todas as persoas á fronte das administracións teñamos acerto nos desafíos, porque redundará en beneficio da mellora da calidade de vida da nosa veciñanza e do futuro deste país.



Gorette Sanmartín, no Colexio da Avogacía e en dúas xornadas de traballo no concello

Entrevista a **Antonio Roma** *Fiscal xefe da Área de Santiago de Compostela*

“En España temos xuíces e fiscais moi profesionais, pero un modelo procesual anquilosado”

Dentro do Dereito Penal, gústame todo o que ten que ver coa tecnoloxía, a cooperación internacional e os aspectos económicos”

Desde o pasado mes de abril, Antonio Roma é o fiscal xefe de Área de Santiago de Compostela, primeiro e único destino da súa traxectoria profesional. Formou parte dun proxecto europeo para a loita contra o crime organizado en América Latina. Procede dunha familia moi vinculada ao Dereito e é un gran afeccionado á Historia e á Numismática.

Antes de falar de temas máis de actualidade, remontémonos aos comezos para preguntarlle por que estudou Dereito. Foi un tema vocacional ou había antecedentes familiares?

Houbo motivos vocacionais e familiares. Naquel tempo tiñamos menos capacidade para elixir licenciatura. Eu vivía en Alcalá de Henares e había carreiras de letras, como Humanidades, que sempre me gustaron, e tamén Dereito, onde había unha longa tradición familiar, de cinco xeracións da miña familia vinculadas co Dereito.

Tamén fiscais?

O meu irmán é avogado, o meu pai xuíz, pero tamén houbo na miña familia notarios, rexistradores, diplomáticos... Moitas profesións relacionadas co Dereito.

Unha vez licenciado, tivo claro desde o principio que ía opostrar a fiscalía?

Ao día seguinte de rematar a carreira xa optei por opostrar a xuíz e fiscal, que era a oposición en conxunto que había, e a iso dediquei en exclusiva máis de tres anos.

O seu primeiro destino foi Santiago?

Si, efectivamente, o meu primeiro e único destino como fiscal. Cheguei a Santiago no ano 1994.

Que lembra dos primeiros anos na cidade e na fiscalía?

Era unha fiscalía máis familiar, era todo máis pequeno e artesanal. Había menos xulgados e



estabamos na Algalia, nun edificio histórico. A cidade creceu moito desde entón, pero sempre ofreceu unha actividade cultural atractiva, aeroporto, un equipo de baloncesto como o Obradoiro do que son afeccionado, bos locais de hostalaría e moitas outras cousas que non atopas en cidades máis grandes.

A forma de traballar segue sendo a mesma, deixando a un lado a dixitalización?

A sociedade cambiou e todo está máis globalizado, tamén a nosa forma de traballar para facer fronte a determinados delitos. E está claro que a tecnoloxía cambiou moitas cousas.

Inflúe moito na xustiza o feito de que Santiago sexa a capital administrativa de Galicia?

R: A cidade e a área na que está teñen as súas peculiaridades. Ribeira, por exemplo, conta co porto de baixura máis grande de Europa. Está tamén a Universidade ou o Camiño de Santiago. A cidade ofrece certa complexidade.



“Manteño unha relación cordial e de bo trato cos avogados e avogadas de Santiago. Temos que ser colaboradores”

Hai algunhas áreas do Dereito que lle gusten máis que outras?

Dentro do Dereito Penal, gústame todo o que ten que ver coa tecnoloxía, a cooperación internacional e os aspectos económicos. De feito, tiveron a oportunidade de traballar nun proxecto contra o crime organizado transnacional con 16 países en América Latina, un mundo cunha complexidade xurídica e social moi interesante.

Fala do programa PACctO. Como xurdiu esa oportunidade?

Esas cousas pasan por diante unha vez na vida e quixen aproveitar a oportunidade. Converteuse nun proxecto de bandeira dentro da cooperación europea. Foi moi interesante e enriquecedor.

En que consistía exactamente o proxecto?

Era un fondo para loitar contra o crime organizado en América Latina, axudando na posta en marcha e a creación do que serían aquí audiencias nacionais ou unidades centrais en fiscalías de loita contra o cibercrime e outras formas de delincuencia, ou creando, por exemplo, un tratado internacional entre varios países para protexer mulleres que cruzaban fronteiras. É dicir, crear dereito, lexislación. Foi unha experiencia moi gratificante.

Foi tamén fiscal de Urbanismo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antes todo o mundo levaba de todo nas fiscalías, pero desde o ano 2000 cambiaron as cousas. Na fiscalía de aquí, en Santiago, puxemos en marcha especialidades para mellorar o noso traballo.

Pasando agora ao pasado máis recente, que balance fai destes primeiros meses como fiscal xefe de Área de Santiago.

Nestes meses cambiamos xa algúns aspectos en temas tecnolóxicos e adaptamos a fiscalía. Agora, por exemplo, temos unha sección específica de violencia de xénero e outra de dereito civil.

Na súa toma de posesión falou dos delitos sexuais e a ciberdelincuencia.

Hai moitas denuncias por delitos contra a liberdade sexual, que por suposto merecen unha atención especial, e moitas denuncias por delitos relacionados co cibercrime, delitos patrimoniais en Internet, *hackeos* ou estafas.

Temos un sistema xudicial efectivo?

En España temos xuíces e fiscais moi profesionais, pero unha estrutura moi anquilosada. Non é sinxelo cambiar un modelo procesual por outro, pero temos que ter claro que somos unha illa no mundo, ningún país mantén unha estrutura organizativa como a que temos aquí.

“A sociedade cambiou e todo está máis globalizado, tamén a nosa forma de traballar”

É un tema que é unha necesidade. Debería ser unha prioridade porque sería a maneira de ser máis eficaces, como conseguen en Francia, por exemplo.

Preocupado polo atasco xudicial?

A situación non é boa por cuestións estruturais e outras conxunturais, como os paros na xustiza gratuíta ou dos letrados xudiciais. Hai moita carga de traballo e nunha cidade tranquila como Santiago hai sinalamentos nos xulgados do penal que van máis aló dun ano e medio. Non é



razoable, temos que colaborar e buscar vías para mellorar esta situación.

Téñolle que preguntar pola avogacía de Santiago. Como é a súa relación cos avogados e avogadas da cidade?

Mantemos unha relación cordial e de bo trato. Máis aló do institucional, os diferentes axentes que formamos parte da xustiza temos que ser colaboradores.

Vostede estivo no foco por temas moi mediáticos en Compostela. Como levou estas situacións?

Neste tipo de casos con maior transcendencia, temos que adaptarnos e traballar de forma profesional, vivir con iso e abstraernos para tratar de que non nos afecten no persoal.

“Hai moitas denuncias por delitos contra a liberdade sexual e por delitos relacionados co cibercrime”



Cuestionario persoal:

Campo ou cidade? Cidade.

Un lugar de Galicia: Santiago ou a Costa da Morte.

Un libro: Calquera de historia medieval.

Unha comida: Un bo peixe ao forno.

E para beber? Algo de viño.

Unha frase ou refrán: Non son moi amigo dos tópicos, e os refráns moitas veces téñenos.

Un personaxe histórico: Alfonso X.

Un sinónimo de Galicia: Un sorriso.

Unha película: *Kill Bill*, por exemplo.

Unha canción: *Déjame*.

Un desexo: Traballo e unha boa vida para os meus fillos.

Un vicio confesable: A Historia e un bo viño.

Reivindicación continua de melloras para os avogados e avogadas do servizo de xustiza gratuíta

Os colexios galegos da avogacía manteñen negociacións permanentes coa Dirección Xeral de Xustiza

Durante todo o ano o Consello da Avogacía Galega mantén reunións de forma continua coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia para reivindicar melloras na xustiza gratuíta.

É evidente a falta do orzamento necesario para atender as demandas en materia de xustiza gratuíta. Por iso, a Avogacía lémbrrale reiteradamente tanto á Dirección Xeral como á Consellería de Presidencia e Xustiza "a necesidade dun aumento orzamentario considerable que permita retribucións dignas aos letrados e letradas que prestan o servizo de xustiza gratuíta, algo que tamén se lles trasladou aos representantes dos grupos políticos do Parlamento galego".

Marzo 2024

No mes de marzo, nun encontro clave dentro das negociacións para esta mellora da prestación da asistencia xurídica gratuíta, o Consello da Avogacía Galega e a Dirección Xeral de Xustiza lograron diferentes avances, tras unha reunión que contou coa presenza dos decanos e decanas dos sete colexios de avogacía de Galicia, entre eles Francisco Rabuñal, do Colexio da Avogacía de Santiago, e o director xeral de Xustiza, José Tronchoni. Este encontro, marcado polo diálogo construtivo e o compromiso mutuo, resultou en acordos importantes cara á consecución das reivindicacións históricas da avogacía.

Os logros máis destacados foron:

- Mantemento de convenios actuais: Acordouse manter os convenios existentes (accesibles en <https://avogacia.gal/convenios>) que amplían a cobertura da xustiza gratuíta en Galicia a actuacións non previstas na lexislación estatal, asegurando así un acceso máis amplo á xustiza para todos os galegos e galegas.
- Convenio de Insolventes: a declaración responsable do letrado/a será suficiente para acreditar a insolvencia do cliente, o que facilita o cobramento polos seus servizos sen necesidade de ter que achegar



probas por veces moi difíciles de conseguir. A cambio, o letrado designado renuncia á xura de contas e ao cobramento da prestación por parte do cliente.

- Inclusión e actualización no baremo de indemnizacións: Acordouse incluír conceptos tales como a intervención letrada en entradas e rexistros domiciliarios, o proceso concursal e procesos de especial complexidade en todas as ordes.

Ademais, revisáronse e actualizáronse todas as cantidades do baremo, para o que o Consello volveu insistir na necesidade de incrementar o orzamento autónomo para xustiza gratuíta. Entre tanto, acordouse manter a baremación dos procedementos, códigos e claves sen en ter en conta as últimas reformas das contías dos procesos.

Estes avances representaron un fito máis no esforzo continuo por mellorar o sistema de xustiza en Galicia, o que demostra o compromiso de todas as partes por acadar solucións que benefician tanto á profesión como á cidadanía en xeral.

Xuño 2024

O 7 de xuño tivo lugar a reunión das xuntas de goberno dos sete colexios da avogacía de Galicia nas instalacións do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo. Este encontro contou coa participación de máis de 60 letrados e letradas, que representaron tanto ás xuntas como ao persoal técnico.

Durante a xornada abordáronse temas cruciais para



o presente e futuro da profesión, cun enfoque particular nas reivindicacións históricas relacionadas co financiamento da quenda de oficio.

Ofreceuse unha actualización detallada sobre as conversas mantidas ao longo do ano coa Xunta de Galicia, así como sobre o estado dos cinco convenios pendentes daquela de sinatura.

Os representantes dos colexios saíntaron a urxencia de incrementar os fondos públicos destinados á asistencia xurídica gratuíta. Neste sentido, o Consello da Avogacía Galega resolveu volver demandar formalmente, como en anos anteriores, un aumento nos recursos financeiros asignados a esta partida, confiando en que a divulgación destas demandas a través de medios de comunicación e redes sociais contribúa a fortalecer a posición negociadora fronte á administración.

Ademais, discutíronse aspectos de xestión colexial en áreas de deontoloxía, tesourería e tecnoloxía. Destacouse a progresiva implementación de sedes electrónicas tanto no Consello autonómico como nos sete colexios de Galicia. Tamén se está a traballar nun proxecto para lles facilitar aos letrados un canal de comunicación seguro e certificado para a transmisión e sinatura de documentos de maneira fidedigna con clientes, procuradores e outros letrados.

Novembro de 2024

Dentro do diálogo permanente do Consello da Avogacía Galega coa Dirección Xeral de Xustiza e, ao mesmo tempo que desde o CGAE se está a solicitar ao Goberno central unha nova lei de xustiza gratuíta que dea solución aos graves problemas que padece este servizo, en novembro asinouse coa Dirección Xeral de Xustiza un acordo con vixencia ata o 30 de setembro de 2025, que permitirá o pagamento de actuacións ata o de agora non retribuídas e o incremento doutras, concretamente:

“É necesario un aumento orzamentario considerable que permita retribucións dignas aos letrados e letradas de xustiza gratuíta”

- Inclúese como novo concepto baremable de forma autónoma, ademais dos procesos de división xudicial de patrimonios, a liquidación da sociedade de gananciais.
- Pasan a aboarse todas as execucións civís de títulos xudiciais, sen ningunha exclusión.
- Inclúese tamén unha apelación na fase da execución penal (como é o caso da apelación ante a denegación da suspensión de condena).
- Abóanse de forma independente as dilixencias de entrada e rexistro derivadas da saída á dita dilixencia.
- Abóase a comparecencia nas vistas de agravación ou mantemento da orde de protección.
- Abóase a impugnación do inventario e do caderno particional. Este acordo súmase aos convenios xa asinados: formación en violencia de xénero e SOX de menores vítimas de violencia de xénero.

Antes da fin do ano asinaranse dous novos convenios, concretamente:

- Convenio de asistencia xurídica a vítimas de delitos sexuais.
- Convenio que permite o pagamento das actuacións cando non se recoñece o beneficio de xustiza gratuíta (insolventes, persoas xurídicas e procesos de xurisdición voluntaria en materia de discapacidade).


A Avogacía reivindicou de novo o orzamento necesario para atender as demandas en materia de xustiza gratuíta.

A falta de peche e aprobación dos orzamentos definitivos para o ano 2025, estímase que o dito aumento será superior ao 8 % total, algo que os colexios seguen a considerar insuficiente se isto non ten, polo menos, unha continuidade nos orzamentos dos vindeiros anos. O incremento do orzamento destinado á xustiza gratuíta foi fixado polo Consello da Avogacía Galega como obxectivo prioritario.



Emotivo recoñecemento da avogacía de Santiago á traxectoria de Enrique León Calviño e ao traballo de FEAFES

Máis de 300 persoas asistiron aos actos de San Raimundo



O Colexio da Avogacía de Santiago celebrou en abril a festividade de San Raimundo de Peñafort, á que asistiron máis de 300 persoas.

O emotivo acto central foi no Salón Nobre do Pazo de Fonseca.

Nesta ocasión, o colexio entregou a súa Medalla de Ouro a Enrique León Calviño, que foi comisario da Policía Nacional en Santiago, pola súa traxectoria profesional e a súa constante colaboración coa avogacía e co conxunto da xustiza durante moitos anos.

“Con Enrique León Calviño iníciase unha das etapas máis frutíferas nas relacións deste colexio coa Comisaría Nacional de Policía desta cidade; xurista de formación, desde un primeiro momento convértese en garante dos dereitos das persoas detidas, facilitando en todo momento o traballo dos avogados que os asisten, mellorando, por exemplo, as condicións das entrevistas entre os detidos e os seus avogados ou facilitándolles a estes desde unha simple praza de aparcadoiro, ao acceso ás dilixencias policiais”, destacou o decano do Colexio da Avogacía de Santiago, Francisco Rabuñal.





Tras recoller a medalla, Enrique León lembrou “os maravillosos anos que pasei en Santiago, unha etapa inesquecible aínda que xa pasaron 18 anos desde que marchei da Comisaría de Compostela, cun grande ambiente de colaboración entre a policía, a avogacía e toda a xustiza en xeral”.

O XIV Premio de Dereitos Humanos foi para Feafes-Santiago, a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental, polo seu traballo para normalizar e mellorar a atención aos pacientes con doenzas mentais. Recolleu o premio José Ramón Girón García, presidente de Feafes Galicia.

“Institucións como Feafes contribúen a desenvolver uns valores que nos benefician a todos e a todas, polo que a súa presenza e participación social resultan imprescindibles para a construción dunha sociedade máis humana e solidaria”, destacou o secretario do Colexio da Avogacía, Manuel Martín.

“Cremos, pois, que é merecido este recoñecemento ao importante labor que veñen desempeñando, pola axuda que prestan ás persoas afectadas por problemas mentais, así como polo seu apoio ás familias e aos profesionais implicados”, engadiu Martín.

Asistiron ao acto a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín; o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), José María Gómez y Díaz-Castroverde; o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes, e o director xeral de Xustiza, José Tronchoni, entre outras autoridades.

Recibiron tamén a insignia de ouro os colexiados Ángel María García Fernán-

dez e Otilia Sánchez Garrido, que cumpriron 40 anos de exercicio profesional.

O acto completouse coa entrega de diplomas aos colexiados e colexiadas que cumpriron 25 anos de exercicio profesional: Antonia Barreiro Mesa; José María Barreiro Riveiro; Eva María Castaño Roo; Manuel Rolando César Guldrís; Alejandro Franco Martínez; María José Freire-Garabal Núñez; Gonzalo Miguel Gesto Quiñoy; Natalia Landín Díez; Rosa María Martínez Ferreiro; María Luísa Pasín Mato; Carmen María Romero Silva; José María Sánchez Lucas, e Leonilda Villar Fernández.

A xura ou promesa de novos letrados e letradas puxo fin ao acto, tras o que se celebrou unha cea-baile no hotel Oca Puerta del Camino.

“Desde o colexio, sempre defendemos o labor da avogacía en beneficio da sociedade, con servizos como a xustiza gratuíta, por iso a xornada de hoxe é tan especial, polas persoas e entidades que homenaxeamos”, engadiu Francisco Rabuñal.



A Escola de Práctica Xurídica de Santiago despideu os 45 alumnos e alumnas do master en avogacía

A Escola de Práctica Xurídica (EPX) de Santiago de Compostela celebrou na primavera o seu tradicional acto anual para despedir os 45 alumnos e alumnas da 11ª promoción (2022/2024) do Máster Universitario en Avogacía, impartido pola USC e o Colexio da Avogacía de Santiago.

Ao acto, no Salón Nobre do Colexio de Fonseca, asistiron 300 persoas e serviu ademais para recoñecer a colaboración das institucións e profesionais que participan nas actividades formativas da Escola de Práctica Xurídica.

Contou coa presenza do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, José María Gómez y Díaz-Castroverde; o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes; o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, e o director xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, José Tronchoni.

Estiveron tamén os decanos do Colexio da Avogacía de Santiago, Francisco Rabuñal, e do Colexio de Procuradores de Santiago, Fernando González-Concheiro; o xuíz decano de Santiago, Andrés Lago Louro, representantes das forzas de seguridade, e varios alcaldes e alcaldesas da comarca, entre outras autoridades académicas, da Administración de xustiza e das administracións públicas.

Ademais do alumnado da promoción 2022-2024, acompañado dunha importante representación dos seus familiares, asistiu tamén ao acto o corpo docente do máster, formado por profesorado universitario, profesorado externo e titores/as de prácticas externas.



Un ano de formación continua para os colexiados e colexiadas

A formación continua dos e das profesionais da avogacía é un obxectivo prioritario para a xunta de goberno do Colexio da Avogacía de Santiago. Por conta propia ou coa colaboración doutras entidades e institucións, remata un ano 2024 con numerosas actividades de formación no salón de actos, na Escola de Práctica Xurídica, na Facultade de Dereito ou na Facultade de Ciencias Políticas.

O ano comezou coa xornada 'Falemos de Dereito Bancario', organizada polo Colexio da Avogacía de Santiago, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica. A relatora foi Marta Canales, maxistrada da Sección 6ª da Audiencia Provincial da Coruña, e a moderadora, Chus Vieito, da xunta de goberno do colexio.

Posteriormente, desenvolveuse o 'Taller práctico sobre intelixencia artificial na xestión dos despachos', impartido por José Manuel Sendín Rodríguez, avogado do despacho Sistemius, colexiado no ICA Santiago, compliance officer, delegado de protección de datos e relator habitual en xornadas e formacións sobre dereito das novas tecnoloxías. A presentación correu a cargo de Javier Constenla, da xunta de goberno do Colexio da Avogacía de Santiago.

Na primavera tiveron lugar as xornadas organizadas polo Colexio da Avogacía de Santiago sobre as reformas procesuais introducidas polo Real decreto lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aprobaron medidas urxentes para a execución do plan de recuperación, transformación e resiliencia en materia do servizo público de xustiza. Intervíñeron, entre outros, María Paz Filgueira Paz, maxistrada do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 1 de Santiago de Compostela, e José Manuel Silvosa Tallón, letrado da Admón. de xustiza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución Núm. 1 de Arzúa.

No colexio houbo tamén tempo antes do verán para a presentación do libro *El Complot*. Estiveron





co autor, o fiscal Ignacio Stampa, o decano do colexio, Francisco Rabuñal, e Ulises Bértolo. O libro está baseado nas experiencias de Stampa como primeiro fiscal do 'Caso Villarejo'.

Outra xornada abordou a 'Análise forense de dispositivos móbiles no marco dun procedemento xudicial'. A presentación da xornada correu a cargo de Carmen González Ferro e o relator foi Carlos Vila Martínez, director de 3inLAB Informática Forense. Organizouse tamén un obradoiro de intelixencia artificial para o exercicio da avogacía, no que o relator foi Sergio Aramburu Guillán e exerceu de moderadora Chus Vieito, da xunta de goberno do colexio.

Máis de 120 persoas asistiron á xornada 'Criterios xurisprudenciais e casuística en relación cos gastos extraordinarios en Dereito de Familia', organizada polo Colexio da Avogacía de Santiago no salón de graos da Facultade de Dereito. O relator foi Ángel Pantín Reigada, maxistrado presidente da Sección 6ª da AP da Coruña, presentado pola vicedecana do Colexio da Avogacía de Santiago, Carmen González Ferro.

O pasado mes de novembro, tiveron lugar as 'Xornadas sobre violencia de xénero e menores',



organizadas polo Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, en colaboración co Consello da Avogacía Galega e coas consellerías de Presidencia e Política Social.

A finais de novembro, o comezou seminario 'Técnicas de escritura e composición de documentos xurídicos', impartido por Martín Ramos, asesor lingüista do ICA de Santiago. O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, o Consello da Avogacía Galega e Viaqua organizaron unhas xornadas sobre contratación pública os días 28 de novembro, 10 de decembro e 9 de xaneiro de 2025 (aínda pendente). Falouse de 'Prevención de litixios e recursos na Administración pública: análise e estratexias', 'Desafíos e solucións: equilibrio económico e desindexación', e 'Redefinindo o equilibrio entre calidade, sostibilidade e prezo'.



Programa de xestión colexial e da quenda de oficio en liña: ColaboWEB

Dende o pasado 22 de novembro está en funcionamento o programa en liña de xestión da ficha colexial e do servizo de asistencia a persoas detidas e quenda de oficio. Para acceder a el, cómpre validar o usuario na páxina web e ir ao apartado “ColaboWEB”. Unha vez dentro, será necesario o acceso mediante sinatura dixital ACA para garantir o acceso individual seguro aos datos persoais.

A aplicación dispón de dous apartados:

1. Datos xerais do colexiado/a. Permite o acceso á ficha colexial e a realización de todo tipo de xestións en liña (cambio de datos profesionais, descarga de certificados de colexiación, pases de prisión, consulta dos cargos de cotas colexiais e do seguro de responsabilidade civil etc.).
2. Xestión da quenda de oficio. Dende esta pestana, os colexiados/as de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, a vítimas de violencia de xénero ou nas quendas, poderán ver todas as designacións e os seus expedientes, as que figuran aboadas ou pendentes, as especialidades en que están de alta, a posición na


orde das designacións, os días das gardas, así como descargar certificados do día da garda.

Tamén se poderán declarar as actuacións e as quendas das declaracións trimestrais ou presentar os xustificantes diarios das gardas. O persoal técnico do colexio está a preparar unha xornada práctica para explicar o funcionamento deste programa.

Para resolver calquera dúbida, poderase contactar con Carlos Polo (informática) ou con Manuel Arza (secretaría técnica). Ligazón ao Colaboweb: <http://2.136.12.22:8090/presentacion.aspx>


Xunta Xeral do colexio

De acordo co establecido nos artigos 93 e 97 do Estatuto do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela e segundo o acordo da Xunta de Goberno do pasado 11 de novembro, convócase a Xunta Xeral (2ª de 2024) para o vindeiro 23 de decembro, ás 12.00 horas, no salón de actos do ICA Santiago, conforme á seguinte orde do día: 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral. 2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2025. 3. Proposta de creación do Fondo-Obra Social do ICA Santiago. 4. Rogos e preguntas.



Confesión

Apiques de cumprirse corenta anos dende o ditado da primeira sentenza redactada en galego –Sentenza nº 248/1985, do 27 de marzo, da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial de Galicia–, emanada dun tribunal integrado polos maxistrados Ricardo Leirós Freire, Gonzalo de la Hurga e Claudio Movilla Álvarez –relator–, o uso do idioma galego



continúa a ser anecdótico no ámbito xurídico. Así o amosa o feito de que, aínda a día de hoxe, resulten facilmente recoñecibles e identificables, por escasos e contados, os membros da xudicatura que ditan as súas resolucións en galego; poucos somos tamén os profesionais que facemos un uso habitual, normal e preeminente da lingua galega no desenvolvemento das nosas vidas profesionais.

A situación non mudou moito dende aquel ano 1985. Os avances da lingua na xustiza, merecen ser cualificados de imaxinarios ou ficticios. As estatísticas sobre o seu uso refiren que só entre un 1 e un 8 por cento de sentenzas ditadas son en galego. Notade que falo de sentenzas, non de procedementos, pois aínda en xulgados nos que a maxistrada ou maxistrado ditan as súas resolucións en galego, o máis habitual é que a meirande parte das resolucións de trámite ou impulso procesual se emitan en castelán.

Nacín nunha data moi próxima á da devandita sentenza, fun criado integramente en galego, son galegofalante –a salvo das necesidades propias e inherentes á comunicación persoal e humana se a situación o require–, tomaba os apuntamentos da carreira en galego –ou intentábao– e, con todo, confésome incapaz de elaborar un escrito xurídico de certa profundidade ou complexidade técnica con habelencia*.

A nota que acabo de inserir é un exemplo da realidade que pretendo poñer de manifesto. Preciso traballar acotío con dicionarios e tradutores para escribir no idioma no que fun criado e, polo contra, non me resulta preciso –ou non tanto– para facelo, con maiores garantías e solvencia, en castelán. Este paradoxo é froito da inmersión lingüística no idioma castelán á que os xuristas galegos nos vemos condenados pola falta de utilización do galego nos eidos doutrinal e xurisprudencial que, como fontes do dereito, nos serven para soste as pretensións que defendemos.

Os profesionais da xustiza fornecemos o noso coñecemento da atenta lectura deses textos, que poucas veces se publican en galego; o que constitúe, ao meu parecer, unha das maiores eivas para o avance do galego nas xustiza.



*NOTA: Habelencia: Capacidade, ben sexa innata ou resultado da experiencia, para facer ben aquilo que require certos dotes.



Segundo a *Memoria 2023*, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o equipo lingüístico da Coruña, dependente do Tribunal, traduciu o ano pasado 50 documentos (287 folios) do castelán ao galego, mentres que á inversa, do galego ao castelán, foron 180 documentos (5.036 folios).

Facendo memoria, tampouco consigo recordar ter estudado en ningún momento da miña formación académica en Dereito por un manual en galego e esta realidade perségue-me no exercicio cotián da miña profesión.

Afastándome da subxectividade, sinalarei que en datos da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2023/24, o uso do galego, malia ser a lingua propia da universidade –da que se constitúe en garante para o seu uso pleno en todos os ámbitos, ex. art. 3 dos Estatutos–, só chega ao 22,5 por cento da docencia no Grao de Dereito, recoñecendo a institución, no seu informe “O galego na docencia: curso 2023-24” que Dereito e Criminoloxía “*quedan moi lonxe dos valores que acadan a maior parte dos graos da área de ciencias sociais e xurídicas*”. Iso, malia ter un incremento dun 6 por cento, dende o ano 2015, no que o uso do galego na Facultade de Dereito se situaba no 16,2 por cento. Mención á parte merece o feito de que no Mestrado Universitario en Avogacía e Procuradoría o uso do galego se cinga a un exíguo 13,2 por cento fronte ao 86,8 por cento do castelán.

Hai quen discute a realidade que estou a expoñer e fala dunha igualdade de dereitos e da falta de necesidade de promover o uso do galego, e

discúteno de tal maneira que parecen querer converter o galego nun perigo para o idioma hexemónico na xustiza.

Hai incluso quen fende as nubes ante unha volta lingüística incorrectamente executada, a falta dun acento ou unha vírgula cando se escribe en castelán, malia que iso nunca se cuestiona cando se cometen tales faltas ortográficas ou gramaticais facendo uso do galego. Con todo, nunca recriminei a ninguén, nin vou facelo agora, a comisión deste tipo de erros no uso do galego; principalmente por dúas cuestións:


- A primeira, pola confesión que acabo de facer neste artigo sobre o traballo que a min mesmo me supón, en ocasións, confeccionar escritos de alta calidade na miña propia lingua, o que non quere dicir que guste do desleixo que iso supón.
- A segunda, e ligado co anterior, por un motivo eminentemente práctico, xa que considero que cómpre alentar a todo aquel que se anima a facer uso do galego no ámbito xurídico; ou en calquera outro ámbito á vista da última enquisa de coñecemento e uso do idioma galego realizada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2023, da que se desprende que o 46,23 por cento das persoas declara falar o galego sempre ou máis ca o castelán, fronte ao 53,77 por cento que se declara falante habitual do castelán, monolingüe ou bilingüe. “*É a primeira vez na historia que nunha enquisa destas características o galego ten unha porcentaxe de falantes habituais inferior ao castelán. Hai vinte anos, as porcentaxes eran do 61,20% e o 38,29% respectivamente, de modo que o galego descendeu 15 puntos. Por parte, o monolingüismo en castelán incrementouse nese lapso de tempo en case 10 puntos, ata atinxir case o 30% na enquisa de 2023, a porcentaxe máis elevada que se rexistrou ata o momento.*” (Henrique Monteagudo. Coordinador do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Artigo: Agora ou nunca).

Unha outra mostra de disfunción no uso do galego na xustiza, paradigmática do especial problema que sofre, é o feito de que nalgúns ocasións

—non moitas pero si salientables— se celebren vistas nas que tanto a maxistrada ou maxistrado como as letradas ou letrados que interveñen se expresen oralmente en galego e, pola contra, todos os escritos e resolucións que se subscriben no procedemento se redacten en castelán.

Sirva a presente achega para que todos eles, *“bos e xenerosos que a nosa voz entenden”*, muden de hábito e tomen unha posición activa na utilización do galego na xustiza. Dá un pouco de traballo pero axuda a que todos poidamos seguir sendo galegos, afastando de nós aos *“iñorantes e féridos e duros, imbéciles e escuros que non nos entenden, non”*.

Digo o anterior sen intención de avogar por discursos militantes ou de militancia, senón, precisamente, coma un desexo e unha loa a aqueles que, afastados de posturas de convencemento profundo —que considero



imprescindibles—, se decidan a utilizar o idioma galego que usan con normalidade noutros eidos da súa vida e que, por un insán e arraigado costume que erradicar, acceden ao procesador de texto co *chip* en castelán. Pois, *“se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”*.

Daniel Ferreirós López

Colexiado 2272, ICA Santiago de Compostela

Daquel alugueiro que alugou un piso en alugueiro e pagaba os alugueiros todos os meses...

Toma nota!

A partir do verbo *alugar*, o dicionario da Real Academia Galega acolle o substantivo *alugueiro/a* cos seguintes significados:

1 Persoa que toma unha cousa en alugamento.

Os alugueiros págannos dez mil pesos ao mes.

Sinónimos: *arrendatario/a, inquilino/a, locatario/a, rendeiro/a*

2 Alugamento

Non lle interesa ter o piso en alugueiro.

3 Cantidade que se paga periodicamente polo arrendamento de algo.

Débelle o alugueiro de dous meses.

Sinónimo: *renda*

Artigo 30.2 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia:

«Nos arrendamentos de industria ou negocio, cando impliquen tamén arrendamentos de local ou de vivenda, a contía da fianza que se deberá depositar será o equivalente a dúas mensualidades do **alugueiro** estipulado.»

(DOG núm. 141, do 24.07.2012: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120724/AnuncioC3B0-090712-0001_gl.html)

O Colexio nas redes sociais

Desde hai anos, o Colexio da Avogacía de Santiago utiliza os seus perfís nas redes sociais para comunicarse cos seus colexiados e colexiadas, ademais de informar das actividades da institución aos veciños e veciñas do partido xudicial.

A comunidade nas redes medra de forma continua e a día de hoxe conta con 1.930 seguidores en X, 930 en Facebook e 400 en Instagram. As redes sociais recollen todas as actividades de formación que celebra o colexio durante o ano, así como imaxes

de celebracións como San Raimundo de Peñafort ou os actos de despedida ao alumnado da Escola de Práctica Xurídica.

Ademais, difúndense sentenzas con repercusión mediática, novidades xurídicas, actividades do Consejo General de la Abogacía Española e outras publicacións que poden ser de interese. O Colexio da Avogacía de Santiago conta tamén cunha canle de Youtube na que publica parte das xornadas formativas que se realizan durante todo o ano.





4%

de rentabilidad bruta
garantizada a un año*

- > **Invierte desde 1.000 €**
- > **Rescata al vencimiento o renuévalo**
- > **Contrata tantos planes como quieras**

PLAN AHORRO MULTIPLICA

Multiplica tu ahorro de manera garantizada

**Descubre las ventajas de nuestro producto en www.mutualidad.com
¡Contrata ahora!**

*Si el rescate se produce al vencimiento del primer año.

En caso de rescate anticipado, el Tomador puede sufrir pérdidas debido a las fluctuaciones desfavorables del mercado.